

Lobos doentes: arte e loucura

26 de Febreiro, 2023 - 12:10 h. | Publicada por Radiofusión

Lobos doentes é a cuarta entrega dunha pentalogía precedida por *A antesala luminosa*, *Un home estraño* e *Os Incurábeis*. O fío da trama é policial pero o tecido que anoa aos personaxes entre si reenvía ao misterio dunha realidade onde o ben e o mal, a cordura e a tolemia, o familiar e o disruptivo camiñan xuntos. “Todos temos un lado bo e outro malvado” pensa o comisario Sánchez. Pola contra, Pedro Souto, home que construíu o seu imperio ao son do crime e que se considera a si mesmo malvado, pero non cruel, está convencido de que “hai quen é incapaz de facer mal a ninguén” e de que “Existe a bondade, si, pero tamén a maldade, a perversidade, a crueldade, que é a forma máis violenta, egoísta, sádica, e indiscriminada de exercer a maldade.”

Benito Arbaizar Gil



En *Lobos doentes* asistimos a un enfrontamento entre dous personaxes poderosos que representan dous extremos que tensan a corda do mal:

un malvado, Pedro Souto, e outro cruel, Vítor Ferreño. Fóra da lóxica binaria que homologa a contraposición entre cordura e loucura coa contraposición entre o ben e o mal, para Pedro Souto non se pode confundir maldade e loucura “e hai tolos que son boas persoas e tolos que somos malvados. Non tes máis que ver o meu caso e o de Gustavo, que tan só sería quen de cometer un acto malvado se entrase nunha crise psicótica e perdese o contacto coa realidade.” O comisario Sánchez, á súa vez,

sinala:

“Estou ata os collóns desa cantilena que confunde a loucura coa maldade, coa perversidade. Non me veñan vostedes tamén co conto de que os pederastas, os violadores, os asasinados, os terroristas..., están todos tolos e, como están todos tolos, non son responsábeis dos seus actos, por moi criminais, aberrantes, malvados e perversos que estes sexan... Porque non estou disposto a entrar agora con vostedes nese falso dilema entre a maldade e a loucura. Para min, os terroristas, os asasinados, os violadores e os pederastas, entre outras especies semellantes, non padecen obrigatoriamente ningunha clase de enfermidade mental, son simplemente persoas malvadas, perversas, persoas que distinguen con claridade e á perfección o ben do mal. E, cando teñen que elixir, inclínanse sempre polo mal. Porque favorece os seus intereses. Ou, simplemente, porque lles produce pracer, aínda que consigan ese pracer á custa do sufrimento alieño”.

Pedro Souto habita fóra da letra da lei pero nese espazo de poder onde os acordos por baixo da mesa precursan os acordos por enriba da mesa, habita a antesala escura onde se van tecendo e destecendo os fíos do dominio. O comisario Sánchez así o entende e, por iso, tanto lle ten que gañar as eleccións o PSOE ou o PP: “Gañara quen gañase, a min dáme igual. Porque, para min, non había diferenza ningunha entre os uns nin os outros. Todos, coma min, formabamos parte do mesmo Réxime.”

A palabra “Réxime” está asociada ás restricións dunha dieta e é así que, cando alguén ten sobrepeso, se lle recomenda facer réxime. Quizais porque o réxime vincúlase á restrición atopamos tanta desmesura de sexo, comida ou bebida nesta pentaxoloxía. Igualmente vemos como os mesmos personaxes que entenden o poder como un perigoso xogo que require de boas cartas, gozan de entregarse ao azar dos xogos de naipes. Hai como unha necesidade de achar un desafogo fóra da lei tras

tanta desmesura, unha necesidade de saltarse o “Réxime”. A expresión “Réxime” tamén se empregou non poucas veces para referirse á ditadura franquista, e no texto antes citado emprégase para remitirse ao que de verdade dita a orde social, a unha sorte de poder na sombra. Hobbes situaba o nacemento da organización política nun tránsito do estado de guerra ao estado civil. Este último establecía unha orde legal que nos poñía a salvo do homo homini lupus imperante no estado de natureza. O que mostra a obra de Antonio Tizón é que o que se acha na base do estado social é un permanente estado de guerra onde o home é un lobo para o home, o que mostra a súa obra é que o salvaxismo orixinal é sincrónico, non diacrónico. O hobbesiano estado de guerra non é o que pasou, é o que está a pasar, por moito que os mesmos “lobos doentes” que combaten esa guerra poñan un roussonian veu publicitario fronte a nós para que a nosa mirada non se horripile ante o que está tendo lugar nas escuras antecorridas da política. Pedro Souto confesa ao comisario Sánchez como construíu o seu imperio:

“Da mesma forma que se constrúen todos os imperios económicos. A base de maldades, roubos, ameazas, crimes... A base de risco e, ás veces, demasiadas veces, a base de eliminar a competencia, de arruinar negocios para logo mercalos a prezo de ganga. Nin te imaxinas a cantidade de xente, políticos, funcionarios, empresarios, avogados, xuíces, que tiven que corromper para saír ben parado das miñas corruptelas, para quedar impune dos meus crimes. Nin te imaxinas a cantidade de xente que me odia, que pagaría por verme morto, como seguramente acabarei algún día, polos disparos de calquera asasino a soldo contratado por calquera dos meus inimigos”. Son pasos similares aos seguidos polo seu adversario, o antigo narcotraficante Vítor Ferreiro, que montou o seu imperio “Como se montan todos os imperios, a partir do crime, da corrupción e do poder”. Todo iso apunta ao feito de que na infraestrutura do social non hai simplemente, como sinalaba Marx, unha relación dialéctica entre forzas produtivas e relacións de produción, senón tamén unha relación entre forzas destrutivas e relacións de corrupción. Din no budismo que somos como as flores do loto, obrigados a florecer entre augas murchas. Na obra de Antonio Tizón vemos florecer a bondade de Gustavo Gallego, o amor incondicional da súa muller ou a inocencia da súa filla. Vemos

florecer amizade e lealdade no medio da loita e a mesquindade. Todo iso resplandece, como un espazo de alivio, entre as escuras nubes dunha novela negra (mulata segundo Antonio) que pon o dedo na chaga da precariedade humana e a dubidosa estabilidade dos cimentos que sosteñen o social. En personaxes como Pedro Souto e Gustavo Gallego, que padecen un trastorno bipolar e que tanto simpatizan entre si, a tolemia conxúgase de maneira diferente: no primeiro coa maldade, no segundo coa bondade. Ao mesmo tempo, o primeiro ocúpase dun “oficio” que “non se aprende nos centros de formación profesional nin nas universidades. Porque eu son ou poder e traballo para manter ou meu poder”. Pola contra, o oficio do segundo é escribir. Ambos encarnan dúas maneiras de vivir fóra da lei: o crime e a arte. Dicia Kant que a arte é unha legalidade sen lei, e dicíao porque o artista non obedece regras, senón que as crea. Por iso, se un artista é artista, é sempre orixinal. A unidade da arte ten a paradoxal característica de exprésase sempre de forma única. E por iso é tan delicado o estatuto do artístico, que non cae nin do lado dos desordes da tolemia nin do lado das convencións da cordura. Certamente, como indica Gustavo Gallego: “Por moito que propague o romanticismo, a loucura non é creativa, nin positiva, nin marabillosa. Polo menos eu tan só escribo cando me atopo ben, estable, lúcido. Son incapaz de escribir cando estou deprimido ou eufórico, que son estados patolóxicos, enfermizos, e non teñen nada que ver, por moito que se empeñen algunhas correntes psiquiátricas ou psicanalíticas, coas formas naturais de ser, con estados naturais de melancolía, de tristeza ou da alegría”. Con todo, se ben é certo que a loucura é unha quebra da comunicación do individuo cos demais e incluso consigo mesmo, tamén é certo que a fantasía e a arte abren vías comunicativas onde non existían, e é así que Gustavo Gallego dille á súa filla ue “A única maneira de entenderse cos seres queridos que están non ceo é poñerlles nós a voz coa nosa imaxinación”. Non deixa de ser unha forma inocente de exemplificar o feito de que a arte presta escoita e da voz ao inaudito. A arte non cae do lado nin da inestable tolemia, nin da cordura establecida, é máis ben o punto de tránsito entre a desorde e a orde, e, nese tránsito, é onde se abre a posibilidade dunha renovación que dea fala a novas voces. Non por casualidade Gustavo Gallego foi sempre extravagante, como

el mesmo confesa e ilustra coas súas andanzas polo instituto de Monelos. O extravagante é o que vaga por dimensións extra, o que se sae do convencional. Sen os extravagantes a cultura non cesaría de reandar, sen renovarse, o trillado, como un hámster; sen extra-vagancias nunca nos sacudiríamos o po dos vellos camiños das sandalias. Con todo, o extravagante ten o perigo de, no canto de abrir novas vías, perder o rumbo, o perigo de caer na cuneta da loucura. Acerca desa caída Gustavo Gallego dinos:

“foi entón cando me volvín tolo de súpeto e comprendín definitivamente que a loucura non era ningunha broma, non era creativa nin romántica nin marabillosa, senón unha enfermidade moi fodida, unha patoloxía dolorosa e terríbel que fai sufrir a quen a padece e ao seu entorno máis próximo”.

Dicía Schopenhauer que a xenialidade se acha un piso mais arriba que a loucura. O certo é que o chanzo que separa o desequilibrio destrutivo do equilibrio artístico é decisivo, pois a desorde da tolemia e a orde artística non conviven ben. A arte abre un espazo de claridade, de visibilidade, mentres que a tolemia incendia ese espazo. Con todo, a arte non é un simple darlle as costas á loucura, senón máis ben un darlle a posibilidade dunha palabra que establece unha creadora alianza co descoñecido. Dicía Foucault que a loucura é a falta de obra; se lle damos a volta a esa aserción, atoparíamos que a obra é a falta de loucura, e poderíamos ver entón a arte como unha curación obrada pola palabra. E non falo aquí de palabra ou arte en sentido restrinxido, senón xeneralizado, pois hai unha arte política que consiste na capacidade de resignificar e reconstruír a vida colectiva, hai unha palabra expresada en mármore, como a de Miguel Anxo, ou salpicada de cores, como a de Van Gogh. E a palabra de Antonio Tizón móvese no espazo liminar dun descenso aos infernos da loucura, descenso do que soubo volver cun dicir que nomea, á luz das chamas, os claroscuros da condición humana. Grazas, Antonio, polo teu testemuño.

Imaxe: Algúns dos actores e actrices de Lobos doentes

Fotografía Xan Xe